




XUNTA
DE GALICIA

CEIP DE PRÁCTICAS
LÓPEZ FERREIRO

Proxecto

Lingüístico



Ceip López Ferreiro

1.- INTRODUCCIÓN

Como ben se reflicte no *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo o ensino non universitario de Galicia*, as linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. O *Estatuto de Autonomía de Galicia*, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todas e todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.

É un documento pedagóxico-administrativo no que se especificarán a distribución lingüística curricular, as medidas de apoio e reforzo para mellorar a competencia lingüística do alumnado e as actuacións encamiñadas a dinamizar o uso da lingua galega, entre outras.

Este Proxecto Lingüístico de Centro (PLC) pretende concretar as actuacións específicas deste curso en materia de dinamización lingüística. Determina as estratexias que ten que seguir a comunidade educativa do CEIP de Prácticas López Ferreiro, en función das súas características, para contribuír a lograr a plena normalización da nosa lingua.

A elaboración deste Proxecto Lingüístico do Centro xorde, non só da necesidade de atender á lexislación que nos rexe, senón da de dispoñer dun marco idóneo que propicie a utilización do galego como lingua vehicular da aprendizaxe e de comunicación por parte de toda a comunidade educativa e para cumprir tamén co que sinala a norma cando recolle que “a escola debe ser compensadora de desigualdades”, e neste caso é o galego a lingua que está nesa situación e debemos contrarrestar o grave retroceso que está a ter nos últimos anos.

Este traballo foi redactado por unha comisión do profesorado do centro, nomeada polo equipo directivo e oída a comisión de coordinación pedagóxica, celebrada o 22/10/2024. Forman parte dela, dúas persoas do do EDLG e a directora do centro. Será levado ao claustro e deberá ser aprobado e avaliado polo consello escolar do centro educativo. Por ese motivo e coa finalidade de que se converta nunha lingua habitual nas relacións entre alumnado e profesorado, entre docentes e persoal non docente, este proxecto será unha ferramenta útil para que isto aconteza.

2. MARCO LEGAL

- LEI 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística.
- DECRETO 150/2022, de 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o

currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

- DECRETO 155/2022, de 15 de setembro polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- DECRETO 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

- ORDE do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario.

- INSTRUCCIÓN para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre o mesmo.

3. BREVE ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO

O CEIP de Prácticas López Ferreiro é un centro de ensino situado na zona vella de Santiago.

É un centro liña 2 (con desdobres en varios cursos), con moitos anos de historia e unha grande tradición en Compostela. O noso CEIP acolle alumnos e alumnas do centro de Compostela, pero tamén doutras zonas e mesmo doutros concellos. A presenza de alumnado procedente doutros países ou comunidades é moi minoritaria.

Este curso contamos cun total de 397 alumnos e alumnas e 37 docentes.

3.1 Contorna sociolingüística do centro.


O EDLG do CEIP López Ferreiro elaborou, no 2024, enquisas para o estudo sociolingüístico da contorna: unha para as familias, outra para os/as docentes e outra para o persoal non docente.

A resposta das familias superou o 70%, a do profesorado foi superior ao 95% e a do persoal non docente foi do 100%.

As enquisas deseñadas para a elaboración deste Proxecto revelan un contexto socio-familiar –tanto do alumnado como das persoas traballadoras do centro– de dominancia do castelán, se ben hai unha porcentaxe importante de persoas que se relacionan en familia fundamentalmente en galego e un número nada desprezable de que o fai nas dúas linguas:


Cal é a lingua de uso maioritario no teu fogar?

236 respostas



Segundo a túa opinión, debe potenciarse o uso do galego na escola?

235 respostas




Por outra parte, detéctase unha gran receptividade e apoio ás medidas de promoción do idioma. Deste xeito, e tamén nunha porcentaxe moi alta, as familias móstranse claramente a favor do fomento do idioma no ensino:

As familias mostran, por outra parte, un destacado interese pola transmisión do idioma, o que se manifesta na maioritaria porcentaxe que di dirixirse en galego aos seus fillos e ás súas fillas:

En que lingua te dirixes aos teus fillos e/ou ás túas fillas?



236 respostas



3.2 A situación do profesorado.


O claustro de profesorado do CEIP de Prácticas López Ferreiro está conformado, como se sinalou, por 33 docentes. Proveñen, na súa maioría, dun contexto urbano: residen no casco urbano de Santiago ou en zonas próximas como Teo.

O profesorado manifesta usar o galego maioritariamente como lingua vehicular na súa práctica docente, ben sexa habitualmente en galego ou máis en galego que en castelán, segundo os datos que nos achegan as enquisas realizadas:

En que lingua te relacionas habitualmente co alumnado na escola?



33 respostas




As enquisas contestadas polo profesorado do centro tamén revelan que o uso da lingua galega é o máis habitual entre o profesorado:

En que lingua te relacionas habitualmente cos compañeiros e coas compañeiras na escola?



33 respostas




3.3 A situación do persoal non docente.

O Persoal Administrativo e de Servizos (PAS) emprega tamén o galego como lingua de traballo e de relación:

Que lingua empregas para relacionarte no centro?

7 respostas



3.4 A situación lingüística do centro.

En xeral, apréciase un importante uso da lingua galega como idioma de relación en todos os espazos e as actividades do centro. O galego é, ademais, o idioma empregado nas comunicacións oficiais, orais e escritas, e na documentación educativa e administrativa.

4. OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Os obxectivos que se establecen para o fomento da lingua galega son os seguintes:

4.1. Orientados á contorna sociolingüística do centro.

- Potenciar o emprego do galego por todos os sectores da comunidade educativa e en todos os espazos de convivencia.
- Concienciar o alumnado e as familias da riqueza que supón o uso da lingua

propia e a súa conservación e desenvolvemento.

c) Incidir na importancia e necesidade da transmisión da lingua galega dentro da familia.

d) Colaborar con outros centros educativos e organismos en prol da Lingua e Cultura Galega.

e) Implicar a toda a comunidade educativa nas actividades de fomento da lingua galega a través da recollida de tradición oral e saídas pola contorna para coñecer o patrimonio material e inmaterial.

f) Desenvolver encontros relacionados coa cultura propia (literarios, musicais, etnográficos).

4.2. Orientados á situación do profesorado.

g) Implicar a maior cantidade posible de profesorado nas actividades de fomento da lingua galega, traballando de maneira coordinada cos distintos equipos e comisións.

h) Estender o uso das ferramentas dixitais en galego entre o profesorado e achegarnos a “*O meu PC*” (neofalantes.gal) ou a *linguatrabada*.

i) Fomentar o galego como lingua de comunicación entre os compoñentes do claustro do profesorado e co resto do persoal non docente.

4.3. Orientados á situación do alumnado.

l) Fomentar no alumnado actitudes positivas cara á lingua propia, desterrando calquera tipo de prexuízo lingüístico.

m) Organizar actividades variadas que poñan en valor o noso idioma como sinal de identidade e contribúan a estender o uso do galego a todos os ámbitos da actividade cotiá.

n) Traballar, dende o galego, a coeducación emocional dende a perspectiva de xénero para que o alumnado acade un desenvolvemento integral e equilibrado.

ñ) Fomentar a valoración do idioma galego como o primeiro sinal de identidade do noso pobo.

o) Impulsar, dende a dirección do centro e dende o EDLG, metodoloxías activas, inclusivas e innovadoras que dean resposta á diversidade, para unha formación de calidade, que desenvolva as competencias a través do eixo do traballo colaborativo.

4.3. Orientados á situación lingüística do centro.

p) Concienciar a toda a comunidade educativa, para que estenda o uso do galego aos seus escritos e comunicacións persoais.

q) Facer un uso natural do galego, como un acto normal de emprego da lingua propia do territorio en que vivimos.

r) Facer visible o galego no centro a través de todo tipo de comunicacións e do material gráfico e visual que se expoña no recinto.

5. MEDIDAS DE APOIO E ACTUACIÓNS PARA MELLORAR A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA DO ALUMNADO.

No noso centro están consolidadas medidas específicas que se toman ante o insuficiente dominio das linguas cara a aquele alumnado que o precisa. Entre outras destacaríamos:

- Os reforzos na materia de Lingua Galega.
- Os apoios dentro e fóra da aula por parte das PT.
- As adaptacións curriculares (ACI) nas materias de Lingua Galega.
- As exencións de Lingua Galega que permiten que o alumnado consiga unha adecuada competencia paulatinamente, sen a presión de ser avaliado.
- A atención individualizada por parte dunha persoa docente para aqueles alumnos/as que se acaban de incorporar ao noso sistema educativo procedente do estranxeiro, sempre que a carga lectiva do profesorado o permita.
- Traballo colaborativo cos Equipos de Biblioteca, Extraescolares, Equipo de Plan Dixital-Polos Creativos e Medio Ambiente.
- A existencia dunha biblioteca escolar que oferta recursos persoais e fondos para mellorar a competencia lingüística
- As avaliacións iniciais que se levan a cabo polas titorías ao principio de curso e a análise conxunta de necesidades co equipo directivo
- As xuntanzas dos Equipos de ciclo e nivel.
- O club de lectura que pon en marcha os encontros lectores con lecturas en galego.
- O programa Lectura e Familias que achega propostas lúdicas de achegamento á lectura en galego.
- As campañas que promove o centro, como *Fai un trato co galego!*, *Aquí atendemos en galego*, *Aínda non falas galego? Xa estás tardando!* ou *Búscanse galego falantes*, entre outras, para animar ao uso da lingua ao alumnado galego que temos no centro e a aquel

procedente doutra comunidade ou do estranxeiro.

- Participación no Festival de Teatro Intercentros.
- Colaboración na edición do DIXIMED, primeiro dicionario médico para nenas e nenos en galego.
- Produción de audiovisuais para pór en valor o uso do galego, como *As Aventuras de Saleta*, recentemente premiado.
- Produción de material multimedia, como as placas cos códigos QR onde se recollen textos cantados ou recitados da tradición oral.
- Elaboración periódica dun Libro da Memoria, para recoller a tradición oral propia das familias do alumnado, de grande utilidade nas festividades como o Magosto, o Nadal ou Os Maios.
- Recollida de xogos populares en galego, a través do Catálogo de xogos, para trasladalos aos patios na hora do recreo.
- Elaboración de xogos propios en galego, como as barallas de cartas das Mulleres Imprescindibles.
- Propostas de aprendizaxe servizo en galego: Iniciativas conxuntas coa aula de Maiores da Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal e con AGADEA.
- Establecemento de relacións coa contorna: Facultade de Ciencias da Educación, Centro Sociocultural Coralia e Maruxa, Museo do Pobo Galego, Albergue de Xoán XXIII, CEIP Raíña Fabiola, IES Xelmírez I, IES Xelmírez II, IES Camilo José Cela...
- Intercambios e recepcións de estudantes e profesorado de fóra de Galicia: Francia, Chile, Guatemala...
- Programación de numerosas actividades que incrementan a competencia comunicativa, tanto no centro coma fóra del: realización de exposicións, teatro, camiños literarios...
- Participación nos programas 21 días co galego e + 2024 ou no Falamos +, no 2025.
- Mantemento dos blogs O niño de Pombas e Fai un Trato co Galego.
- Mantemento da conta de Instagram do EDLG.
- Rotas pola contorna para achegarnos ao noso patrimonio material e inmaterial.
- O traballo cooperativo do Departamento de Orientación e o Equipo directivo.

6. AS SECCIÓNS BILINGÜES NO CEIP DE PRÁCTICAS LÓPEZ FERREIRO.

As seccións bilingües foron implantadas en Galicia dende o ano 1999, en que se iniciaron de xeito experimental. O noso centro formou parte, xa desta aposta xa desde os primeiros anos, antes de que se desenvolveran as normas para a súa regularización

(*ORDE do 12 de maio de 2011*), sendo o primeiro centro público galego en formar parte desta aposta inicial. Así, nos documentos que custodiados no centro, recóllese que “no curso 2005/2006, comeza a impartición experimental en lingua estranxeira (inglés) da materia de Educación Plástica, no primeiro ciclo de educación primaria”

Os centros que desenvolvan o programa de seccións bilingües contarán coa organización da ensinanza dunha área ou materia non lingüística da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria ou bacharelato, ou dun módulo de formación profesional específica, que cursa nun nivel un grupo de alumnos/as dun xeito bilingüe, dentro do enfoque AICLE/CLIL (aprendizaxe integrada de contidos e linguas) na lingua cooficial e nunha lingua estranxeira falada na Unión Europea, que é impartida como área ou materia ao devandito grupo de alumnos e alumnas. A incorporación da lingua estranxeira na sección bilingüe acadará un mínimo dun 50 por 100; o profesorado especialista da área, materia ou módulo non lingüísticos deberá ter destino definitivo no centro e acreditar a súa competencia na lingua estranxeira no nivel B2 do Marco común europeo de referencia para as linguas.

A utilización do idioma inglés en materias non lingüísticas, no noso centro impártese Educación Plástica e Visual en inglés en primaria, ten en conta que sinala a *Orde*, que se adapta ao establecido no *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, permite que “un gran número de alumnos e alumnas viran aumentado o tempo de contacto co idioma estranxeiro, ao mesmo tempo que adquiriron outras dimensións del, como as da linguaxe específica das disciplinas non lingüísticas e o contacto con outra cultura”.

Grazas a participar no programa, na materia de Educación Plástica e Visual, e grazas ao profesorado que participa desta aposta, o noso alumnado vese beneficiado dunha oferta educativa cuns obxectivos e medios previstos para o desenvolvemento do proxecto bilingüe. Ademais participan na elaboración de materiais específicos, realización de obradoiros en inglés; solicítanse todos os programas de intercambio e/ou inmersión lingüística en linguas estranxeiras ofertados por Consellería, participaron en programas como a Spring Week e EduExchanges en liña; achégannos cada curso á celebración do European Day of Languages e do Pride Month. Desenvolven, desde hai dous cursos, o intercambio en inglés (virtual e presencial) co colexio bretón École Primaire du Petit Paris, de Brest; coordinan o programa de auxiliares de conversa, titorizando á persoa nativa de apoio no programa etc, ademais de coordinarse co resto dos equipos constituídos na nosa escola.

Hai que destacar, por outra banda, que o noso centro sempre apostou pola internacionalización, tendo participado no programa Comenius hai 15 anos. Ademais ten unha longa traxectoria de intercambios e mesmo de alumnado estranxeiro en prácticas. Así, hai case dúas décadas xa houbo alumnado da Universidade de Londres facendo prácticas na nosa escola. Este ano teremos a unha alumna do Institut National Supérieur du Professorat et de l'Éducation (Inspé) de l'académie de Reims.

7. MATERIAS QUE SE IMPARTEN EN GALEGO

Con respecto á selección de materias impartidas en galego atinxirémonos ao que establece o *DECRETO 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*.

Tendo en conta o artigo 5 desta norma, na etapa de EDUCACIÓN INFANTIL, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, que se decidirá analizando as respostas das familias a comezos do curso en canto á lingua materna do/ seu/súa fillo/a.

Deberase, ademais, ter en conta a lingua da contorna procurando que o alumnado adquira, de forma oral e e se achegue á escrita, ao coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo. Atenderase de xeito individualizado ao alumnado tendo en conta a súa lingua materna.

Na EDUCACIÓN PRIMARIA, apoiándonos no artigo 6º deste mesmo Decreto, garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.

- As materias de lingua castelá, galega e estranxeira impartiranse no idioma de referencia.
- Impartirase en galego as materias de Ciencias da natureza e Ciencias sociais, e en castelán a materia de Matemáticas.
- Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanais. Así, no noso centro impartirase Música e Educación física en galego e Proxecto competencial/Relixión en castelán.

8. USO O GALEGO NAS COMUNICACIÓNS COA COMUNIDADE EDUCATIVA

Como sinala o *Decreto 79/2010*: Nos centros de ensino sostidos con fondos públicos utilizarase, con carácter xeral, a lingua galega e fomentarase o seu uso oral e escrito, tanto nas relacións mutuas e internas como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas [...] Ademais: as actuacións administrativas de réxime interno dos centros docentes indicados como actas, comunicados e anuncios, “usarase, con carácter xeral, a lingua galega, agás no referido a comunicacións con outras comunidades autónomas e cos órganos da Administración do Estado radicados fóra da comunidade autónoma”, Igualmente nos “procedementos iniciados de oficio, tamén se usará o galego”.

No noso centro cumprimos co que sinala a norma e preocupámonos de que os escritos que se remitan desde a nosa escola vaian correctamente redactados e escritos en galego e nunha linguaxe inclusiva.

9. O PROXECTO LINGÜÍSTICO, UN DOCUMENTO REVISABLE.

O proxecto lingüístico é un “documento vivo”, polo que, e como contempla a normativa, cada ano elaborárase unha addenda na que conste a lingua materna predominante entre o alumnado, a información e valoración dos programas e actividades para o fomento do uso do galego e a información das que se realizarán o seguinte. Ademais, se as houber, as variacións na impartición das materias, sempre que se aprobaran polo centro e foran autorizadas pola *Consellería de Educación*, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.